

**ILMO. SR. PRESIDENTE-ALCALDE DO  
CONCELLO DE AMES  
PZA. DO CONCELLO, 2-BERTAMIRÁNS  
15220 AMES**

**CLAVE: DH.V15.20346**

**ASUNTO: RESOLUCIÓN EN RELACIÓN COA AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS AO RÍO TAMBRE E EN ZONA DE POLICÍA DO MESMO RÍO PROCEDENTES DO SANEAMENTO DE A PARROQUIA DE AGRÓN; CONCELLO DE AMES.**

**TITULAR: CONCELLO DE AMES**

#### **Antecedentes**

1. O Concello de Ames, presentou en data 20 de decembro de 2004, instancia e proxecto solicitando autorización de vertido de augas residuais urbanas ao Río Tambre e obras en zona de policía do mesmo río, procedentes do saneamento da Parroquia de Agrón (San Lourenzo); Concello de Ames.
2. Trala subsanación da documentación presentada, someteuse a petición ao trámite de Información Pública conforme ao disposto no artigo 248 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 234 en data 13 de outubro de 2005.
3. Durante o período de Información Pública non se presentaron alegacións.
4. Por parte da Área de Vertidos e, segundo o disposto no artigo 248 do RDPH, solicitáronse informes á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ao que responderon nos seguintes termos:
  - Delegación Provincial da Consellería de Sanidade
  - *"Que vista a lexislación vixente, cumpríranse os límites lexislados para os distintos parámetros que se deban considerar en función do proceso produtivo e da clasificación e calidade actual do leito receptor.*
  - *Que hai aproveitamentos das augas receptoras que se poderían ver afectados polos vertidos, polo que se establecerán sistemas de control do posible impacto na zona. En relación con estes posibles aproveitamentos non parece axeitada a desinfección - mediante cloración - do efluente, tendo en conta os posibles riscos de formación de subprodutos potencialmente perigosos, debendo buscar o cumprimento dos límites lexislados pola vía de mellorar o sistema de depuración"*



Este informe foi remitido ao titular para que fora atendido nas súas consideracións. O Concello de Ames remite a Augas de Galicia un exemplar correxido do proxecto "EDAR e Rede de Saneamento en Agrón" onde se elimina o dispositivo de desinfección por cloración.

□ Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

- *"De acordo co establecido no artigo 77º.3 do Decreto 130/1997, polo que se aproba o Regulamento de Pesca Fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, "Sempre que algún vertido poida afectar a riqueza piscícola ou o ecosistema fluvial, o Órgano competente para a concesión da autorización administrativa deberá demandar ao solicitante a presentación dun estudio que inclúa análises físico-químicas e biolóxicas que caractericen, ao longo dun ano, a calidade da auga na masa afectada, así coma unha avaliación dos efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática.*
- *Na páxina 3 do anexo 7, faise referencia á Táboa III do Regulamento de Dominio Público Hidráulico 849/1996, que desenvolve a Lei de Augas.*
- *Na páxina 18 do mesmo anexo, recóllense os mesmos valores, aos que se engaden os referidos ao pH e a sólidos grosos.*
- *O autor do proxecto non debeu ter en conta o resto da normativa aplicable, posterior á citada, coma é a normativa que regula a protección dos ecosistemas fluviais e en concreto a Lei de Galicia 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e o Decreto 130/199, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. No artigo 80º.1 do devandito Decreto establécense que "Con carácter xeral, as augas continentais afectadas por algún tipo de vertido deberán, en todo momento cumprir os criterios de calidade das augas que se reflicten no Anexo V deste Regulamento e aqueles outros establecidos pola CEE para os ríos salmónidos.*

Cómpre aclarar o seguinte en relación ao informe emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

- *A disposición adicional 6ª do RDL 1/2001 establece o prazo máximo dun ano para a tramitación deste tipo de expedientes, de xeito que resulta imposible esixir dos solicitantes de autorización de vertido a presentación do estudio de control do medio receptor que establece o artigo 77.3 do decreto 130/1997; polo tanto, Augas de Galicia inclúe no condicionado das autorizacións de vertido a presentación posterior dese estudio, con frecuencia anual e sen prexuízo de esixir a acreditación mensual ou trimestral - segundo os casos - do cumprimento dos límites de emisión.*
- *En vertidos efectuados ao dominio público non debe confundirse entre límites de vertido de augas residuais e obxectivos de calidade dos medios receptores. Polo tanto, o Anexo V do Decreto 130/1997 non debe tomarse*



como establecemento de límites de emisión do vertido, senón que os límites que se impoñan ao titular do vertido deberán ser tales que non impidan acadar as concentracións previstas nesa norma.

Por todo isto, este Organismo estima que na presente Resolución se establecen os condicionantes e controis ambientais que pretenden garantir a compatibilidade do vertido cos usos do medio receptor.

5. En data 3 de xaneiro de 2006 notificase Proposta de Resolución de autorización de vertido, non téndose recibido – a día de hoxe – nin conformidade nin alegación algunha fronte a ela. Polo tanto, á vista deste feito e ao abeiro do artigo 249 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, cómpre estimar o silencio amosado pola interesado de xeito positivo.

#### **Fundamentos de dereito**

##### Primeiro

Compételle á Xunta de Galicia polo Estatuto de Autonomía para Galicia o outorgamento das autorizacións das obras e instalacións de vertidos de augas residuais producidas no Dominio Público-Hidráulico correspondente ás cuncas internas de Galicia, así como a inspección delas. Dentro da Xunta de Galicia, segundo Decreto 108/96, do 29 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Organismo Autónomo Augas de Galicia, que desenvolve a Lei 8/93, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia, modificada pola Lei 2/98, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión, e segundo Orde de 1 de xuño de 1996, pola que se fixa a entrada en funcionamento do Organismo Autónomo Augas de Galicia, compételle a dito Organismo.

##### Segundo

Na tramitación do expediente tivéronse en conta as normas de procedemento e as normas materiais contidas no Texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, no Regulamento do Dominio Público-Hidráulico (RDPH), aprobado na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no RD 509/1996 de desenrolo do Real Decreto-Lei 11/1995 polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas; e demais normativa vixente de aplicación.

##### Terceiro

A solicitude obxecto deste expediente comprende unha actividade de vertido á que se refire o artigo 246 do RD 606/2003 e é susceptible de autorización nos termos que nel se indican.



## Informe da Área de Vertidos

### A) Competencia

O Organismo Autónomo Augas de Galicia é competente para a tramitación e resolución do presente expediente, segundo o previsto no artigo 7 da Lei 8/1993, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.

### B) Informe técnico

Examinados os antecedentes que obran no expediente e considerando que cunha correcta xestión das medidas de depuración propostas non se prevé que o vertido vaia causar afeccións incompatibles co medio; o que subscribe informa favorablemente á solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas procedentes do saneamento da Parroquia de Agrón (San Lourenzo) e obras na zona de policía do mesmo río, instada polo Concello de Ames.

## CONCLUSIÓN E RESOLUCIÓN

Por todo isto, visto o expediente, as disposicións legais citadas e demais de aplicación,

Este Organismo Autónomo **RESOLVE:**

Outorgar ao CONCELLO DE AMES a autorización de vertido solicitada; baixo o seguinte condicionado:

**1ª. PROXECTO TÉCNICO:** As obras axustaranse ao seguinte proxecto e documentación adicional presentados perante Augas de Galicia:

- "Proyecto de EDAR y Red de Saneamiento en Agrón", suscrito polo Enxeñeiro de Camiños D. Julio C. Rojo Martínez en outubro de 2004.

**2ª. CAUDAL DE VERTIDO:** O caudal máximo de vertido de augas residuais urbanas ao Río Tambre é de 146.000 m<sup>3</sup>/ano.

**3ª. TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS:** As augas residuais urbanas, son tratadas mediante dispositivos deseñados para 2.000 habitantes equivalentes que consta de:



- Sistema de desbaste. Constituído por dous reixas de groxos con barrotes de 5 mm e luz de malla de 30 mm, e unha reixa de finos de 6 mm de luz de malla.
- Desareador - desengraxador de 8 m de lonxitude e 4,8 m de diámetro.
- Tratamento biolóxico de fangos activos de baixa carga, con recirculación de fangos, que consta dun reactor biolóxico de 3,5 m de diámetro e unha lonxitude de 14,7 m e dun decantador secundario de 4,0 m de diámetro e 4,8 m de altura.
- Arqueta de toma de mostras de 1 m de altura e 1 m de diámetro.

**4º. PUNTO DE VERTIDO:** As Coordenadas UTM do punto de vertido ao Río Tambre son as seguintes: (X,Y);(524.142, 4.749.971).

**5º. CALIDADE E CONTROL DO VERTIDO:** Os límites do vertido das augas residuais urbanas, a porcentaxe mínima da súa redución e a frecuencia mínima coa que se controlarán na arqueta existente á saída da depuradora de augas residuais e antes do seu vertido ao Río Tambre, son os que se reflicten na seguinte táboa:

PARÁMETROS	LÍMITE	PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCIÓN	PERIODICIDADE
DBO <sub>5</sub>	25 mg/l	70-90 %	12 mostras (mensuais) durante o primeiro ano
DQO <sub>total</sub>	125 mg/l	75 %	4 mostras (trimestrais) nos seguintes anos sempre que poida demostrarse que as augas do primeiro ano cumpren as disposicións do RD 509/1996
Sólidos en suspensión	35 mg/l	90 %	Se unha das catro mostras non resultara conforme tomaranse 12 mostras (mensuais) ao ano seguinte

Os criterios a aplicar para estas limitacións e para o seu control especifícanse no Anexo I da presente Resolución.

Realizarase, asemade un control en continuo do parámetro caudal vertido e pH, do que se remitirá un valor medio **diario**, a incorporar no informe de remisión de analíticas coa periodicidade que se indica na táboa anterior.

Os resultados analíticos destes controis remitiranse coa periodicidade establecida na táboa a Augas de Galicia.



Todas as análises realizaranse por medio dun laboratorio recoñecido por Augas de Galicia e seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes.

Augas de Galicia resérvase a facultade de modificar os límites impostos ao vertido e a de esixir ao autorizado a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a súa adecuación ás esixencias do Plan Hidrolóxico da cunca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado.

**6ª. CALIDADE E CONTROL DO MEDIO RECEPTOR:** Con independencia dos límites establecidos, deberanse cumprir os valores de calidade da auga establecidos na seguinte lexislación:

- Anexo V do Regulamento de Ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (aprobado mediante o Decreto 130/1997): *Calidade mínima esixida ás augas continentais*; especificados no Anexo II desta Resolución.
- Anexo número 2 do Real Decreto 927/1988, polo que se aproba o Regulamento da Administración Pública da Auga e da Planificación Hidrolóxica: *Calidade esixida ás augas doces superficiais para ser aptas para o baño*; especificados no Anexo III desta Resolución.

O interesado, deberá de realizar o control do medio receptor nos seguintes puntos:

- 50 m augas arriba do punto de vertido no Río Tambre.
- 50 m augas arriba do punto de vertido no Río Tambre.

Os parámetros a controlar e a frecuencia de control en cada un dos puntos reflíctense na seguinte táboa:

PARÁMETRO (UNIDADES)	PERIODICIDADE
pH	ANUAL
Sólidos en Suspensión (mg/l)	
DBO <sub>5</sub> (mg/l)	
Amoniaco total, (mg/l)	
Fosfatos (mg/l)	
Oxíxeno disolto (mg/l de O <sub>2</sub> )	

**ANUALMENTE** remitirase a Augas de Galicia e á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, un estudo que inclúa as análises realizadas no medio receptor cunha periodicidade anual, así coma unha avaliación dos efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática. Estes informes serán remitidos anualmente e sempre antes da finalización do ano seguinte ao do estudo.



En canto á realización de obras na zona de policía do Río Tambre, deberán cumprirse os seguintes condicionantes:

1. Evitarase a poda ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira da zona de servidume do río. En todo caso, a empresa adxudicataria deberá repoñer os exemplares de árbores destruídos por necesidade da obra.
2. Respetarase a servidume de paso definida no RDPH.
3. Non se depositarán nin acumularán na zona de servidume nin no álveo do río, terra, cemento, escombros, materiais sobrantes da construción, así como calquera outro material que poida incorporarse ao encoro por escorrentías ou crecidas de caudal.
4. Prohibirase taxativamente o lavado de materiais e utensilios usados para a construción no propio río, debido á alta toxicidade do cemento e formigón para a fauna acuática.

**7ª. DISPOSITIVOS DE CONTROL DO VERTIDO E DO MEDIO RECEPTOR:** Á saída da estación depuradora de augas residuais urbanas dispórase dunha arqueta para o control do vertido, con acceso directo para a súa inspección por parte do persoal de Augas de Galicia.

Deberá existir un Libro de Rexistro á disposición da Administración, no que se anotarán:

- Resultados analíticos das tomas de mostrás.
- Incidencias.

Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.

Augas de Galicia poderá inspeccionar as instalacións, sendo por conta do interesado autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

Así mesmo, designarase un responsable técnico con titulación axeitada para a explotación das instalacións de depuración; o que deberá ser comunicado a Augas de Galicia para a súa aprobación.

**8ª. INSPECCIÓN DO VERTIDO:** Augas de Galicia poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade do vertido para cotexar que se cumpren as condicións expostas nesta autorización. Ditas análises deberán ser efectuadas por un laboratorio recoñecido por Augas de Galicia seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes; sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

**9ª. VERTIDOS ACCIDENTAIS:** No caso de que se produza unha contaminación superior á autorizada, o interesado deberá acreditar perante Augas de Galicia que



adoptou as medidas axeitadas para emendar as causas que o motivaron, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incorrer.

**10ª. RESPONSABILIDADES DO SOLICITANTE:** A autorización non exime ao titular do vertido que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poida causar o vertido en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens.

**11ª. XESTIÓN DOS RESIDUOS:** Os residuos sólidos e semisólidos resultantes serán retirados periodicamente, procedendo ao seu baleirado por un xestor autorizado para dito residuo. Deberanse enviar a Augas de Galicia, cada SEIS (6) MESES, fotocopia dos partes de recollida por parte de dito xestor. Nestes partes indicárase a data, a cantidade de residuos, as súas características e o seu destino. Os devanditos residuos serán sometidos ao tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o seu depósito en zonas onde poidan contaminar as augas.

**12ª. VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN:** O prazo de vixencia da presente autorización fíxase en CINCO (5) ANOS contados a partir da data da mesma, entendéndose prorrogada se non existe resolución previa en contra, que deberá ser comunicada cunha antelación de TRES (3) MESES e sempre que se manteñan as características dos vertidos e as do medio receptor similares ás do momento da autorización.

**13ª. PRAZO DE FINALIZACIÓN DE OBRAS:** As obras correspondentes á instalación dos dispositivos de depuración e evacuación de todas as augas residuais xeradas nestas instalacións deberán de estar rematadas nun prazo máximo de SEIS (6) MESES a contar dende o día seguinte ao da Resolución de autorización de vertido outorgada por este Organismo. O interesado deberá comunicar a Augas de Galicia a data de finalización das devanditas obras.

**14ª. PREXUÍZO DE TERCEIROS:** A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, coa obriga de conservar ou restituír as servidumes legais existentes.

**15ª. LICENCIAS OU PERMISOS ADICIONAIS:** O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular da obtención das licencias, permisos e autorizacións legalmente pertinentes e, en particular, os que se contemplan no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.





**16ª. CADUCIDADE:** A autorización poderá ser caducada de acordo co establecido no artigo 263 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

**17ª MODIFICACIÓNS DA RESOLUCIÓN:** Calquera modificación realizada nas súas instalacións que afecte ao punto de vertido, ao caudal máximo de vertido, aos rendementos de depuración etc, deberá de ser comunicado por escrito a Augas de Galicia para a súa valoración aos efectos oportunos.

Contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor **RECURSO DE ALZADA** ante o Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo **DUN (1) MES**, a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1.992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1.999.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2006

O xefe da área de vertidos

**Antonio N. López Grueiro**

**Visto e prace**  
 O director xeral de Augas de Galicia

**José Luis Romero Valeiras**

**Resolvo**  
 O presidente de Augas de Galicia

**Jorge Antonio Santiso Blanco**



**ANEXO I : Requisitos para os vertidos procedentes de instalacións de tratamento de augas residuais urbanas. Aplicarase o valor de concentración ou a porcentaxe de redución.**

PARÁMETROS	CONCENTRACIÓN	PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCIÓN (1)	MÉTODO DE MEDIDA DE REFERENCIA
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO <sub>5</sub> a 20 ° C) sen nitrificación (2)	25 mg/l O <sub>2</sub>	70-90.	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Determinación do osíxeno disolto antes e despois de cinco días de incubación a 20 ° C ± 1 ° C, en completa escuridade. Aplicación dun inhibidor da nitrificación.
Demanda química de osíxeno (DQO)	125 mg/l O <sub>2</sub>	75	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Dicromato potásico.
Total de sólidos en suspensión	35 mg/l (3).	90 (3).	Filtración dunha mostra representativa a través dunha membrana de filtración de 0,45 micras. Secado a 105 ° C e pesase. Centrifugación dunha mostra representativa (durante cinco minutos como mínimo cunha aceleración media de 2.800 a 3.200 g), secado a 105 ° C e pesase.

(1) Redución relacionada ca carga do caudal de entrada.

(2) Este parámetro pode substituírse por outro: carbono orgánico total (COT) ou demanda total de osíxeno (DTO), se pode establecerse unha correlación entre DBO<sub>5</sub> e o parámetro substituído.

(3) Este requisito é optativo.

As análises de vertidos procedentes de sistemas de depuración por lagunaxe, levaranse a cabo sobre mostras filtradas; nembargante, a concentración de sólidos totais en suspensión nas mostras de augas sen filtrar non deberá superar os 150 mg/l.



**ANEXO II: Decreto 130/1997 - ANEXO V Calidade mínima esixida ás augas continentais.**

PARÁMETROS	VALOR ADMITIDO	OBSERVACIÓNS															
Aceites e produtos lubricantes		Os aceites e produtos lubricantes non poderán estar presentes na auga en cantidades que: Formen unha película visible na superficie da auga ou se depositen en capas nos leitos ou nas ribeiras das masas de auga. Transmitan ao peixe un perceptible sabor. Provoquen efectos nocivos ós peixes															
Amoníaco non ionizado (mg/l NH <sub>3</sub> )	≤ 0,025	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de amoníaco non ionizado na auga en máis de 0,025 unidades sobre o valor existente augas arriba.															
Amoníaco total (mg/l NH <sub>4</sub> <sup>+</sup> )	≤ 1	Os vertidos non deberán incrementar a correspondente concentración de amonio total na auga en máis de 1,0 unidades sobre o valor existente augas arriba.															
Cloro residual total (mg/l HClO)	≤ 0,005																
Cobre soluble (mg/l Cu)		<table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <thead> <tr> <th colspan="5">Dureza da auga (mg/l CaCO<sub>3</sub>)</th> </tr> <tr> <th></th> <th>10</th> <th>50</th> <th>100</th> <th>500</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>mg/l Cu</td> <td>≤ 0,005</td> <td>≤ 0,022</td> <td>≤ 0,04</td> <td>≤ 0,112</td> </tr> </tbody> </table>	Dureza da auga (mg/l CaCO <sub>3</sub> )						10	50	100	500	mg/l Cu	≤ 0,005	≤ 0,022	≤ 0,04	≤ 0,112
Dureza da auga (mg/l CaCO <sub>3</sub> )																	
	10	50	100	500													
mg/l Cu	≤ 0,005	≤ 0,022	≤ 0,04	≤ 0,112													
Compostos fenólicos (mg/l C <sub>6</sub> H <sub>5</sub> OH)		Os compostos fenólicos non poderán estar presentes na auga en concentracións que alteren o sabor do peixe.															
DBO <sub>5</sub> (mg/l O <sub>2</sub> )	≤ 3	Os vertidos non deberán incrementar a DBO <sub>5</sub> na auga en máis de 3 unidades sobre o valor existente augas arriba.															
Deterxentes e axentes tensioactivos		Os deterxentes e axentes tensioactivos non poderán estar presentes na auga en cantidades que: Formen unha película visible ou espumas na superficie da auga ou se depositen en capas nos leitos ou nas ribeiras das masa de auga. Transmitan ao peixe un perceptible sabor. Provoquen efectos nocivos os peixes.															
Fosfatos (mg/l PO <sub>4</sub> <sup>-2</sup> )	≤ 0,2	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de fosfatos na auga en máis de 0,2 unidades sobre o valor existente augas arriba.															
Hidrocarburos de orixe petroleira		Os produtos de orixe petroleira non poderán estar presentes na auga en cantidade que: Formen unha película visible na superficie da auga ou se depositen nos leitos ou nas ribeiras das masas de auga. Transmitan ao peixe un perceptible sabor. Provoquen efectos nocivos aos peixes.															
Materias en suspensión (mg/l)	≤ 25	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de materias en suspensión na auga en máis dun 10% do valor da súa concentración augas arriba.															
Nitritos (mg/l NO <sub>2</sub> )	≤ 0,01	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de nitritos na auga en máis de 0,01 unidades sobre o valor existente augas arriba.															
Oxixeno disolto (mg/l O <sub>2</sub> )	≥ 7	Os vertidos non provocarán que a concentración de oxixeno na auga sexa < 6 mg/l.															
pH	6-9	As variacións artificiais de pH con respecto aos valores constantes non deberán superar ± 0,5 unidades de pH nos límites comprendidos entre 6,0 e 9,0, sempre e cando estas variacións non aumenten a nocividade doutras sustancias presentes na auga.															
Temperatura (°C)	≤ 21,5 con carácter xeral = 10 nos períodos de reprodución de salmónidos	Os vertidos non deberán provocar que a temperatura natural da auga se incremente en máis de 1,5 °C sobre o valor existente augas arriba.															



Temperatura (°C)	≤ 21,5 con carácter xeral = 10 nos períodos de reprodución de salmónidos	Os vertidos non deberán provocar que a temperatura natural da auga se incremente en máis de 1,5 °C sobre o valor existente augas arriba.		
Zinc Total (mg/l Zn)	<b>Dureza da auga (mg/l CaCO<sub>3</sub>)</b>			
	10	50	100	500
	mg/l Zn	≤ 0,03	≤ 0,2	≤ 0,3



**ANEXO III: Real Decreto 927/1988 – Anexo nº 2: Calidade esixida ás augas doces superficiais para ser aptas para o baño.**

I. Aplicarase esta normativa a aqueles paraxes de augas doces superficiais, correntes ou embalsadas, nos que esté expresamente autorizado o baño de persoas polas autoridades competentes, ou non esté prohibido e se practique habitualmente por un número importante de bañistas. Estes paraxes quedarán definidos de modo concreto en cada Plan Hidrolóxico.

II. Os Plans Hidrolóxicos establecerán para cada paraxe dos definidos no apartado anterior obxectivos de calidade que no poderán ser menos estrictos que os que figuran na táboa seguinte para os distintos parámetros analíticos, atendida así mesmo a frecuencia de mostraxe e análises tipo.

III. As mostras tomaranse na hora de máxima afluencia de bañistas e a 30 centímetros de profundidade, salvo o parámetro 8 que se efectuará na superficie.  
 O parámetro considerarase correcto si os valores do 95 por 100 das mostras mantense inferior ao esixido, que se rebaixa ao 80 por 100 nos parámetros 1 e 2, sempre que ningún valor rebase en máis do 50 por 100 o valor dos límites estipulados para estes, e para os parámetros 6, 12 e microbiolóxicos.

IV. En todo caso, os criterios de calidade mínima para as augas que sexan declaradas aptas para o baño son os que estén establecidos en cada momento pola normativa sanitaria.

PARÁMETRO	UNIDADE	VALOR MÁXIMO	MÉTODO DE ANÁLISE E INSPECCIÓN
Coliformes totais	/100 ml	10.000	Reconto NMP ou filtración e cultivo con identificación de colonias.
Coliformes fecais	/100 ml	2.000	Reconto NMP ou filtración e cultivo con identificación de colonias.
Estreptococos fecais	/100 ml	(100)	Método de Litsky e NMP ou filtración e cultivo.
Salmonellas	/l	0	Filtración, inoculación, identificación
Enterovirus	Pfu/10 ml	0	Concentración e afirmación
pH	u	6 a 9	Electrometría con calibración nos pH 7 e 9
Cor	-	Sen cambios anormais	Inspección visual ou fotometría escala Pt-Co
Aceites minerais	mg/l	Sen película visible nin olor	Inspección visual e olfativa ou residuo seco
Sustancias tensioactivas	mg/l laurilsulfato	Sen espuma persistente (0,3)	Inspección visual. Espectrofotometría con azul de metileno
Fenois	mg/l C <sub>6</sub> H <sub>5</sub> OH	Sen olor específico 0,05	Inspección olfativa. Espectrofotometría método (4 A A P)
Transparencia	m	1	Disco de Secchi
Oxíxeno disolto	% saturado	(80-120)	Método de Winkler ou electrométrico
Residuos de alquitrán e flotantes	-	(Inexistencia)	Inspección visual

Notas: As cifras entre paréntese tomaranse como valores indicativos desexables provisionalmente.  
 Os parámetros 3, 4 e 5 serán comprobados cando, mediante inspección, se estime posible a súa presenza por deterioro da calidade das augas.  
 Os parámetros 9, 10 e 11 serán comprobados en laboratorio se se sospeita o incumprimento da inspección organoléptica.





MR 01.08.11



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
 AUGAS DE GALICIA  
 16301 31.10.06  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 SAIDA

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
 DE A CORUÑA  
 A/A: D. LUIS JAIME RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ  
 XEFE DO SERVIZO DE PATRIMONIO E  
 CONTRATACIÓN  
 ALFÉREZ PROVISIONAL, S/N  
 15006 A CORUÑA

5 NOV 2006

11594

CLAVE: DH.V15.21739

ASUNTO: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN EN RELACIÓN COA  
 AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS  
 AO ARROIO QUINTÁNS E OBRAS NA ZONA DE POLICÍA DO  
 MESMO ARROIO PROCEDENTES DO SANEAMENTO DE SANTA  
 MARÍA DE AMEIXENDA; CONCELLO DE AMES.

TITULAR: EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

**Antecedentes**

1. A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA, presentou en data 21 de xuño de 2006, instancia e proxecto solicitando autorización de vertido de augas residuais urbanas ao Arroio Quintáns e obras na zona de policía do mesmo arroio, procedentes do saneamento de Santa María de Ameixenda, Concello de Ames.
2. Trala subsanación da documentación presentada, someteuse a petición ao trámite de Información Pública conforme ao disposto no artigo 248 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 169 en data 24 de xullo de 2006.
3. Durante o período de Información Pública non se presentaron alegacións.
4. Por parte da Área de Vertidos e, segundo o disposto no artigo 248 do RDPH, solicitáronse informes á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ao que responderon nos seguintes termos:
  - Delegación Provincial da Consellería de Sanidade
  - "Que vista a lexislación vixente, cumpriranse os límites máximos establecidos e os índices de calidade a acadar para o medio receptor tendo en conta o impacto do vertido no mesmo.



- *Que pode haber aproveitamentos das augas receptoras que se poderían ver afectados polos vertidos, polo que sería desexable a existencia de balsas de seguridade, xunto co monitoreo do vertido."*
- Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
- *"Aos efectos de dar cumprimento co establecido no artigo 77º.3 do Regulamento de Pesca Fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997), o solicitante deberá presentar un estudio que inclúa análises físico-químicas e biolóxicas que caractericen, ao longo dun ano, a calidade da auga na masa afectada, así coma unha avaliación dos efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática. Dito estudio será avaliado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza."*

Cómpre aclarar o seguinte en relación ao informe emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

- A disposición adicional 6ª do RDL 1/2001 establece o prazo máximo dun ano para a tramitación deste tipo de expedientes, de xeito que resulta imposible esixir dos solicitantes de autorización de vertido a presentación do estudio de control do medio receptor que establece o artigo 77.3 do decreto 130/1997; polo tanto, Augas de Galicia inclúe no condicionado das autorizacións de vertido a presentación posterior dese estudio, con frecuencia anual e sen prexuízo de esixir a acreditación periódica - segundo os casos - do cumprimento dos límites de emisión.

Por todo isto, este Organismo estima que na presente Proposta de Resolución se establecen os condicionantes e controis ambientais que pretenden garantir a compatibilidade do vertido cos usos do medio receptor.

## Fundamentos de dereito

### Primeiro

Compételle á Xunta de Galicia polo Estatuto de Autonomía para Galicia o outorgamento das autorizacións das obras e instalacións de vertidos de augas residuais producidas no Dominio Público-Hidráulico correspondente ás cuncas internas de Galicia, así como a inspección delas. Dentro da Xunta de Galicia, segundo Decreto 108/96, do 29 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Organismo Autónomo Augas de Galicia, que desenvolve a Lei 8/93, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia, modificada pola Lei 2/98, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión, e segundo Orde de 1 de xuño de 1996, pola que se fixa a entrada en





funcionamento do Organismo Autónomo Augas de Galicia, compételle a dito Organismo.

### Segundo

Na tramitación do expediente tiveronse en conta as normas de procedemento e as normas materiais contidas no Texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, no Regulamento do Dominio Público-Hidráulico (RDPH), aprobado na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no RD 509/1996 de desenrolo do Real Decreto-Lei 11/1995 polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas; e demais normativa vixente de aplicación.

### Terceiro

A solicitude obxecto deste expediente comprende unha actividade de vertido á que se refire o artigo 246 do RD 606/2003 e é susceptible de autorización nos termos que nel se indican.

## **Informe da Área de Vertidos e Proposta de Resolución**

### A) Competencia

O Organismo Autónomo Augas de Galicia é competente para a tramitación e resolución do presente expediente, segundo o previsto no artigo 7 da Lei 8/1993, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.

### B) Informe técnico

Examinados os antecedentes que obran no expediente e considerando que cunha correcta xestión das medidas de depuración propostas non se prevé que o vertido vaia causar afeccións incompatibles co medio; o que subscribe informa favorablemente á solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas ao Arroio Quintáns (Cunca do Río Ulla) procedentes do saneamento de Santa María de Ameixenda (Concello de Ames) e obras en zona de policía do mesmo arroio, instada pola Excm. Deputación de A Coruña.

Esta Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico propón o seu outorgamento baixo o seguinte condicionado:

**1ª. PROXECTO TÉCNICO:** As obras axustaranse ao seguinte proxecto e documentación adicional presentados perante Augas de Galicia:

- *"Proyecto: Estación Depuradora de aguas residuales de la aglomeración rural de Santa María de Ameixenda en el Concello de Ames , provincia de A Coruña"*, suscrito polo Enxeñeiro de Camiños D. Vicente Berrocal Bertol en outubro de 2005.



**2ª. CAUDAL DE VERTIDO:** O caudal máximo de vertido de augas residuais urbanas ao Arroio Quintáns é de 29.200 m<sup>3</sup>/ano.

**3ª. TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS:** As augas residuais urbanas, son tratadas antes do seu vertido ao Arroio Quintáns, nunha depuradora composta dos seguintes dispositivos:

- Pretratamento: Constituído por unha reixa de grosos con barrotes de 3 mm de luz de malla e un desareador de volume 1,1 m<sup>3</sup>.
- Tratamento secundario: consiste nun reactor tipo canle circular de aireación prolongada cun volume de 115 m<sup>3</sup> e con decantador secundario integrado cun volume de 36,42 m<sup>3</sup>.

Unha vez depuradas as augas residuais son conducidas ao Arroio Quintáns mediante unha condución de vertido de 20 m de lonxitude e 300 mm de diámetro.

**4ª. PUNTO DE VERTIDO:** As Coordenadas UTM do punto de vertido ao Arroio Quintáns son as seguintes: (X,Y);(531.461, 4.752.436).

**5ª. CALIDADE E CONTROL DO VERTIDO:** Os límites do vertido das augas residuais urbanas, ou a porcentaxe mínima da súa redución e a frecuencia mínima coa que se controlarán na arqueta existente á saída da depuradora de augas residuais e antes do seu vertido ao Arroio Quintáns, son os que se reflicten na seguinte táboa:

PARÁMETROS	LÍMITE	PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCIÓN	PERIODICIDADE
DBO <sub>5</sub>	25 mg/l	70-90 %	<b>ANUAL</b>
DQO <sub>total</sub>	125 mg/l	75 %	
Sólidos en suspensión	35 mg/l	90 %	
Nitróxeno Amoniacaal	15 mg/l	-	
Fósforo Total	10 mg/l	-	

Os criterios a aplicar para estas limitacións e para o seu control, asemade os límites máximos permitidos para o resto de parámetros, serán os especificados no Anexo I.

Realizarase, asemade un control en continuo do parámetro caudal vertido e pH, do que se remitirá un valor medio **diario**, a incorporar no informe **ANUAL**.



Os resultados analíticos destes controis remitiranse ANUALMENTE a Augas de Galicia.

Todas as análises realizaranse por un laboratorio recoñecido por Augas de Galicia e seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes.

Augas de Galicia resérvase a facultade de modificar os límites impostos ao vertido e a de esixir ao autorizado a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a súa adecuación ás esixencias do Plan Hidrolóxico da cunca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado.

**6ª. CALIDADE E CONTROL DO MEDIO RECEPTOR:** Con independencia dos límites establecidos, deberanse cumprir os valores de calidade da auga establecidos na seguinte lexislación:

- Anexo V do Regulamento de Ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (aprobado mediante o Decreto 130/1997): *Calidade mínima esixida ás augas continentais*; especificados no Anexo II desta Proposta de Resolución.
- Anexo número 2 do Real Decreto 927/1988, polo que se aproba o Regulamento da Administración Pública da Auga e da Planificación Hidrolóxica: *Calidade esixida ás augas doces superficiais para ser aptas para o baño*; especificados no Anexo III desta Proposta de Resolución.

O interesado, deberá de realizar o control do medio receptor nos seguintes puntos:

- 50 m augas arriba do punto de vertido ao Arroio Quintáns.
- 50 m augas abaixo do punto de vertido ao Arroio Quintáns.

Os parámetros a controlar e a frecuencia de control en cada un dos puntos reflíctense na seguinte táboa:

PARÁMETRO (UNIDADES)	PERIODICIDADE
pH	ANUAL
Sólidos en Suspensión (mg/l)	
DBO <sub>5</sub> (mg/l)	
Amoníaco total, (mg/l)	
Fosfatos (mg/l)	
Osíxeno disolto (mg/l de O <sub>2</sub> )	
Coliformes totais*	
Coliformes fecais*	
Estreptococos fecais*	

\* Non se analizarán estes parámetros sempre e cando quede acreditada, a través dun certificado emitido pola Consellería de Sanidade, a non existencia de zonas de baño en 100 metros augas abaixo do punto de vertido.



**ANUALMENTE** remitirase a Augas de Galicia e á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, un estudo que inclúa as análises realizadas no medio receptor cunha periodicidade anual, así coma unha avaliación dos efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática. Estes informes serán remitidos anualmente e sempre antes da finalización do ano seguinte ao do estudo.

**7ª. OBRAS EN ZONA DE POLICÍA DO ARROIO QUINTÁNS:** En canto á realización de obras na zona de policía do Arroio Quintáns, deberán cumprirse os seguintes condicionantes:

- a.) Deixarase en todo caso expedita a zona de servidume para uso público do arroio, consistente nunha banda de 5 m. de ancho, medidos a partir do borde ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
- b.) Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohibese expresamente verter no propio leito do arroio restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao arroio por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a un vertedoiro de residuos de construción autorizado.

- c.) Evitarase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira da zona de servidume. En todo caso, deberanse repoñer as árbores destruídas por necesidade da obra.

**8ª. DISPOSITIVOS DE CONTROL DO VERTIDO E DO MEDIO RECEPTOR:** Á saída da estación depuradora de augas residuais urbanas dispórase dunha arqueta para o control do vertido, con acceso directo para a súa inspección por parte do persoal de Augas de Galicia.

✓ Deberá existir un Libro de Rexistro á disposición da Administración, no que se anotarán:

- Resultados analíticos das tomas de mostras.
- ✓ Incidencias.



O interesado dispón dun prazo de **QUINCE (15) DÍAS**, a contar dende o día seguinte ao da presente notificación para presentación perante este Organismo do devandito Libro de Rexistro aos efectos de ser habilitado por parte de Augas de Galicia.

Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.

Augas de Galicia poderá inspeccionar as instalacións, sendo por conta do interesado autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

Así mesmo, designarase un responsable técnico con titulación axeitada para a explotación das instalacións de depuración; o que deberá ser comunicado a Augas de Galicia para a súa aprobación.

**9ª. INSPECCIÓN DO VERTIDO:** Augas de Galicia poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade do vertido para cotexar que se cumpren as condicións expostas nesta autorización. Ditas análises deberán ser efectuadas por un laboratorio recoñecido por Augas de Galicia seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes; sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

**10ª. VERTIDOS ACCIDENTAIS:** No caso de que se produza unha contaminación superior á autorizada, o interesado deberá acreditar perante Augas de Galicia que adoptou as medidas axeitadas para emendar as causas que o motivaron, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incurrir.

**11ª. RESPONSABILIDADES DO SOLICITANTE:** A autorización non exime ao titular do vertido que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poida causar o vertido en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens.

**12ª. XESTIÓN DOS RESIDUOS:** Os residuos sólidos e semisólidos xerados serán retirados a demanda, por un xestor de residuos autorizado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Neste caso, deberánse enviar a Augas de Galicia copia dos partes de recollida onde se indicará a data, a cantidade de residuos, as súas características e o seu destino.

Os devanditos residuos serán sometidos ao tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o seu depósito en zonas onde poidan contaminar as augas.

Augas de Galicia poderá requirir ao titular da autorización, en calquera momento, copia dos partes de recollida de residuos emitidos polo xestor autorizado.



**13ª. VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN:** O prazo de vixencia da presente autorización fíxase en CINCO (5) ANOS contados a partir da data da mesma, entendéndose prorrogada se non existe resolución previa en contra, que deberá ser comunicada cunha antelación de TRES (3) MESES e sempre que se manteñan as características dos vertidos e as do medio receptor similares ás do momento da autorización.

No momento en que se produza a entrega da obra ao Concello deberase comunicar por escrito a Augas de Galicia e solicitar, no seu caso, a subrogación ou modificación da presente autorización. Doutro xeito, a EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA seguirá a ser considerada beneficiaria desta autorización e, polo tanto, responsable única do cumprimento dos seus termos.

**14ª. PRAZO DE FINALIZACIÓN DE OBRAS:** As obras correspondentes á construción das instalacións de depuración de augas residuais deberán estar finalizadas nun prazo de NOVE (9) MESES a contar dende o día seguinte ao da Resolución de autorización de vertido outorgada por este Organismo.

En todo caso o interesado deberá comunicar por escrito a Augas de Galicia a data de finalización das devanditas obras, e polo tanto, a data de comezo do vertido. No caso de que as obras non estean rematadas nese prazo, solicitarase unha prórroga a eses efectos.

**15ª. PREXUÍZO DE TERCEIROS:** A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, coa obriga de conservar ou restituír as servidumes legais existentes.

**16ª. LICENCIAS OU PERMISOS ADICIONAIS:** O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular da obtención das licencias, permisos e autorizacións legalmente pertinentes e, en particular, os que se contemplan no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

**17ª. CADUCIDADE:** A autorización poderá ser caducada de acordo co establecido no artigo 263 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

**18ª MODIFICACIÓNS DA RESOLUCIÓN:** Calquera modificación realizada nas súas instalacións que afecte ao punto de vertido, ao caudal máximo de vertido, aos rendementos de depuración etc, deberá de ser comunicado por escrito a Augas de Galicia para a súa valoración aos efectos oportunos.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

**AUGAS DE GALICIA**

Subdirección Xeral de Xestión  
do Dominio Público Hidráulico

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 545381



O que se pon no seu coñecemento para que, de acordo có disposto no artigo 249 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), poida presentar no prazo de QUINCE (15) DÍAS a contar dende o seguinte ao da presente notificación, cantas alegacións considere convenientes para o seu dereito. Doutro xeito, entenderase aceptada a presente Proposta de Resolución e poderase dictar resolución sen máis trámite.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2006

O XEFE DA ÁREA DE VERTIDOS



Asdo. Antonio N. López Grueiro



## ANEXO I

- Requisitos para os vertidos procedentes de instalacións de tratamento de augas residuais urbanas. Aplicarase o valor de concentración e a porcentaxe mínima de redución.

PARÁMETROS	CONCENTRACIÓN	PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCCIÓN (1)	MÉTODO DE MEDIDA DE REFERENCIA
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO <sub>5</sub> a 20 ° C) sen nitrificación (2)	25 mg/l O <sub>2</sub>	70-90.	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Determinación do osíxeno disolto antes e despois de cinco días de incubación a 20 ° C ± 1 ° C, en completa escuridade. Aplicación dun inhibidor da nitrificación.
Demanda química de osíxeno (DQO)	125 mg/l O <sub>2</sub>	75	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Dicromato potásico.
Total de sólidos en suspensión	35 mg/l (3).	90 (3).	Filtración dunha mostra representativa a través dunha membrana de filtración de 0,45 micras. Secado a 105 ° C e pesaxe. Centrifugación dunha mostra representativa (durante cinco minutos como mínimo, cunha aceleración media de 2.800 a 3.200 g), secado a 105 ° C e pesaxe.

(1) Redución relacionada coa carga do caudal de entrada.

(2) Este parámetro pode substituírse por outro: carbono orgánico total (COT) ou demanda total de osíxeno (DTO), se pode establecerse unha correlación entre DBO<sub>5</sub> e o parámetro substituto.

(3) Este requisito é optativo.

As análises de vertidos procedentes de sistemas de depuración por lagunaxe, levaranse a cabo sobre mostras filtradas; nembargante, a concentración de sólidos totais en suspensión nas mostras de augas sen filtrar non deberá superar os 150 mg/l.





- Parámetros que se deben considerar na estimación do tratamento de vertido:

Parámetro (Unidades)	NOTA	Valores límites
Temperatura (°C)	(A)	3
Aluminio (mg/l)	(B)	1
Materias sedimentables (ml/l)	--	0,5
Sólidos grosos	--	Ausentes
Cor	--	Inapreciable en disolución 1/20
Arsénico (mg/l)	(B)	0,5
Bario (mg/l)	(B)	20
Boro (mg/l)	(B)	2
Cadmio (mg/l)	(B)	0,1
Cromo III (mg/l)	(B)	2
Cromo VI (mg/l)	(B)	0,2
Ferro (mg/l)	(B)	2
Manganeso (mg/l)	(B)	2
Níquel (mg/l)	(B)	2
Mercurio (mg/l)	(B)	0,05
Chumbo (mg/l)	(B)	0,2
Selenio (mg/l)	(B)	0,03
Estaño (mg/l)	(B)	10
Cobre (mg/l)	(B)	0,2
Cinc (mg/l)	(B)	3
Tóxicos metálicos	--	3
Cianuros (mg/l)	--	0,5
Cloruros (mg/l)	--	2.000
Sulfuros (mg/l)	--	1
Sulfitos (mg/l)	--	1
Sulfatos (mg/l)	--	2.000
Fluoruros (mg/l)	--	6
Nitróxeno nítrico (mg/l)	(C)	10
Aceites e graxas (mg/l)	--	20
Fenois (mg/l)	--	0,5
Aldehidos (mg/l)	--	1
Deterxentes (mg/l)	--	2
Pesticidas (mg/l)	--	0,05

- (A) Nos ríos, o incremento de temperatura media dunha sección fluvial trala zona de dispersión non superará os 3 °C.  
 (B) O límite refírese ao elemento disolto, como ión ou en forma complexa.  
 (C) En lagos ou embalses o nitróxeno total non debe superar 10 mg/l expresado en nitróxeno.



**ANEXO II: Decreto 130/1997 - ANEXO V Calidade mínima esixida ás augas continentais.**

PARÁMETROS	VALOR ADMITIDO	OBSERVACIÓNS								
Aceites e produtos lubricantes		Os aceites e produtos lubricantes non poderán estar presentes na auga en cantidades que: Formen unha película visible na superficie da auga ou se depositen en capas nos leitos ou nas ribeiras das masas de auga. Transmitan ao peixe un perceptible sabor. Provoquen efectos nocivos aos peixes								
Amoníaco non ionizado (mg/l NH <sub>3</sub> )	≤ 0,025	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de amoníaco non ionizado na auga en máis de 0,025 unidades sobre o valor existente augas arriba.								
Amoníaco total (mg/l NH <sub>4</sub> <sup>+</sup> )	≤ 1	Os vertidos non deberán incrementar a correspondente concentración de amonio total na auga en máis de 1,0 unidades sobre o valor existente augas arriba.								
Cloro residual total (mg/l HClO)	≤ 0,005									
Cobre soluble (mg/l Cu)		<u>Dureza da auga (mg/l CaCO<sub>3</sub>)</u>								
		<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 25%;"></td> <td style="width: 25%; text-align: center;">10</td> <td style="width: 25%; text-align: center;">50</td> <td style="width: 25%; text-align: center;">100</td> <td style="width: 25%; text-align: center;">500</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">mg/l Cu</td> <td style="text-align: center;">≤ 0,005</td> <td style="text-align: center;">≤ 0,022</td> <td style="text-align: center;">≤ 0,04</td> <td style="text-align: center;">≤ 0,112</td> </tr> </table>		10	50	100	500	mg/l Cu	≤ 0,005	≤ 0,022
	10	50	100	500						
mg/l Cu	≤ 0,005	≤ 0,022	≤ 0,04	≤ 0,112						
Compostos fenólicos (mg/l C <sub>6</sub> H <sub>5</sub> OH)		Os compostos fenólicos non poderán estar presentes na auga en concentracións que alteren o sabor do peixe.								
DBO <sub>5</sub> (mg/l O <sub>2</sub> )	≤ 3	Os vertidos non deberán incrementar a DBO <sub>5</sub> na auga en máis de 3 unidades sobre o valor existente augas arriba.								
Deterxentes e axentes tensioactivos		Os deterxentes e axentes tensioactivos non poderán estar presentes na auga en cantidades que: Formen unha película visible ou espumas na superficie da auga ou se depositen en capas nos leitos ou nas ribeiras das masa de auga. Transmitan ao peixe un perceptible sabor. Provoquen efectos nocivos aos peixes.								
Fosfatos (mg/l PO <sub>4</sub> <sup>-2</sup> )	≤ 0,2	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de fosfatos na auga en máis de 0,2 unidades sobre o valor existente augas arriba.								
Hidrocarburos de orixe petroleira		Os produtos de orixe petroleira non poderán estar presentes na auga en cantidade que: Formen unha película visible na superficie da auga ou se depositen nos leitos ou nas ribeiras das masas de auga. Transmitan ao peixe un perceptible sabor. Provoquen efectos nocivos aos peixes.								
Materias en suspensión (mg/l)	≤ 25	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de materias en suspensión na auga en máis dun 10% do valor da súa concentración augas arriba.								
Nitritos (mg/l NO <sub>2</sub> )	≤ 0,01	Os vertidos non deberán incrementar a concentración de nitritos na auga en máis de 0,01 unidades sobre o valor existente augas arriba.								
Osíxeno disolto (mg/l O <sub>2</sub> )	≥ 7	Os vertidos non provocarán que a concentración de osíxeno na auga sexa < 6 mg/l.								
pH	6-9	As variacións artificiais de pH con respecto aos valores constantes non deberán superar ± 0,5 unidades de pH nos límites comprendidos entre 6,0 e 9,0, sempre e cando estas variacións non aumenten a nocividade doutras sustancias presentes na auga.								



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

AUGAS DE GALICIA

Subdirección Xeral de Xestión  
do Dominio Público Hidráulico

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 545381



PARÁMETROS	VALOR ADMITIDO	OBSERVACIÓNS			
Temperatura (°C)	≤ 21,5 con carácter xeral = 10 nos períodos de reprodución de salmónidos	Os vertidos non deberán provocar que a temperatura natural da auga se incremente en máis de 1,5 °C sobre o valor existente augas arriba.			
Zinc Total (mg/l Zn)	Dureza da auga (mg/l CaCO <sub>3</sub> )				
		10	50	100	500
	mg/l Zn	≤0,03	≤0,2	≤ 0,3	≤ 0,5



**ANEXO III: Real Decreto 927/1988 – Anexo nº 2: Calidade esixida ás augas doces superficiais para ser aptas para o baño.**

I. Aplicarase esta normativa a aqueles paraxes de augas doces superficiais, correntes ou embalsadas, nos que estea expresamente autorizado o baño de persoas polas autoridades competentes, ou non estea prohibido e se practique habitualmente por un número importante de bañistas. Estes paraxes quedarán definidos de modo concreto en cada Plan Hidrolóxico.

II. Os Plans Hidrolóxicos establecerán para cada paraxe dos definidos no apartado anterior obxectivos de calidade que no poderán ser menos estrictos que os que figuran na táboa seguinte para os distintos parámetros analíticos, atendida así mesmo a frecuencia de mostraxe e análises tipo.

III. As mostras tomaranse na hora de máxima afluencia de bañistas e a 30 centímetros de profundidade, salvo o parámetro 8 que se efectuará na superficie.  
 O parámetro considerarase correcto si os valores do 95 por 100 das mostras mantense inferior ao esixido, que se rebaixa ao 80 por 100 nos parámetros 1 e 2, sempre que ningún valor rebase en máis do 50 por 100 o valor dos límites estipulados para estes, e para os parámetros 6, 12 e microbiolóxicos.

IV. En todo caso, os criterios de calidade mínima para as augas que sexan declaradas aptas para o baño son os que estean establecidos en cada momento pola normativa sanitaria.

PARÁMETRO	UNIDADE	VALOR MÁXIMO	MÉTODO DE ANÁLISE E INSPECCIÓN
Coliformes totais	/100 ml	10.000	Reconto NMP ou filtración e cultivo con identificación de colonias.
Coliformes fecais	/100 ml	2.000	Reconto NMP ou filtración e cultivo con identificación de colonias.
Estreptococos fecais	/100 ml	(100)	Método de Litsky e NMP ou filtración e cultivo.
Salmonellas	/1 l	0	Filtración, inoculación, identificación
Enterovirus	Pfu/10 ml	0	Concentración e afirmación
pH	u	6 a 9	Electrometría con calibración nos pH 7 e 9
Cor	--	Sen cambios anormais	Inspección visual ou fotometría escala Pt-Co
Aceites minerais	mg/l	Sen película visible nin olor	Inspección visual e olfativa ou residuo seco
Sustancias tensoactivas	mg/l laurilsulfato	Sen espuma persistente (0,3)	Inspección visual. Espectrofotometría con azul de metileno
Fenois	mg/l C <sub>6</sub> H <sub>5</sub> OH	Sen olor específico 0,05	Inspección olfativa. Espectrofotometría método (4 A A P)
Transparencia	m	1	Disco de Secchi
Osíxeno disolto	% saturado	(80-120)	Método de Winkler ou electrométrico
Residuos de alquitrán e flotantes	--	(Inexistencia)	Inspección visual

Notas: As cifras entre paréntese tomaranse como valores indicativos desexables provisionalmente.  
 Os parámetros 3, 4 e 5 serán comprobados cando, mediante inspección, se estime posible a súa presenza por deterioro da calidade das augas.  
 Os parámetros 9, 10 e 11 serán comprobados en laboratorio se se sospeita o incumprimento da inspección organoléptica.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
AUGAS DE GALICIA

Praza de Camilo Díaz Balboa, 7-9  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 545381



ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
CONCELLO DE AMES  
Praza do Concello, 2  
15864- AMES

CLAVE: **DH.V15.18984/12746**

ASUNTO: RESOLUCIÓN EN RELACIÓN COA AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS Ó RÍO SAR (CUNCA DO RÍO ULLA) PROCEDENTES DA **EDAR DE BERTAMIRÁNS**, NO LUGAR DE A LOMBA-SAN XOÁN DE ORTOÑO (T.M. AMES)

TITULAR: CONCELLO DE AMES

#### Antecedentes

1. En data 21 de agosto de 2001 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, na que se dispón, na súa Adicional Quinta: "*Enténdense autorizados para os efectos desta lei os vertidos de augas residuais municipais de natureza urbana ou doméstica, producidos no ámbito territorial previsto no artigo 5 da Lei 8/1993 (...) que se integren na programación de actuacións de saneamento do organismo autónomo Augas de Galicia*".
2. Segundo o Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015, aprobado o 1 de novembro de 2000 polo Consello da Xunta de Galicia, a EDAR de Bertamirás (t.m. Ames) atópase integrada dentro das actuacións de saneamento a desenvolver por Augas de Galicia.
3. Por todo isto, o Organismo Autónomo Augas de Galicia procede de oficio á tramitación do presente expediente de autorización de vertido de augas residuais urbanas.
4. Por parte da Área de Vertidos e, segundo o disposto no artigo 247 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, emitiuse informe favorable á tramitación da autorización de vertidos de augas residuais urbanas ó Río Sar (cunca do Río Ulla) procedentes da EDAR de Bertamirás, na Lomba-San Xoán de Ortoño (t.m. Ames).



5. En data 14 de marzo de 2005 notificase proposta de resolución de autorización de vertido non téndose recibido – a día de hoxe – nin conformidade nin alegación algunha fronte a ela. Polo tanto, á vista destes feitos e ó abeiro do artigo 249 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, cómpre estima-lo silencio amosado polo Concello interesado de xeito positivo.

## **Fundamentos de dereito**

### **Primeiro**

Compételle á Xunta de Galicia polo Estatuto de Autonomía para Galicia o outorgamento das autorizacións das obras e instalacións de vertidos de augas residuais producidas no Dominio Público-Hidráulico correspondente ás concas internas de Galicia, así como a inspección delas. Dentro da Xunta de Galicia, segundo Decreto 108/96, do 29 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Organismo Autónomo Augas de Galicia, que desenvolve a Lei 8/93, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia, modificada pola Lei 2/98, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión, e segundo Orde de 1 de xuño de 1996, pola que se fixa a entrada en funcionamento do Organismo Autónomo Augas de Galicia, compételle a dito Organismo.

### **Segundo**

Na tramitación do expediente tivéronse en conta as normas de procedemento e as normas materiais contidas no Texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, no Regulamento do Dominio Público-Hidráulico, aprobado por R.D. 849/1986 e na súa modificación (RD 606/2003), na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, no RD 509/1996 de desenrolo do Real Decreto-Lei 11/1995 polo que se establecen as normas aplicables ó tratamento das augas residuais urbanas; e demais normativa vixente de aplicación.

### **Terceiro**

O vertido obxecto deste expediente comprende unha actividade á que se refire a Disposición Adicional 5ª da Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas e é susceptible de autorización nos termos que nel se indican, polo que a presente autorización axústase ó procedemento abreviado establecido a tal efecto na lexislación vixente.



## Informe da Área de Vertidos

### A) Competencia

O Organismo Autónomo Augas de Galicia é competente para a tramitación e resolución do presente expediente, segundo o previsto no artigo 7 da Lei 8/1993, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.

### B) Informe técnico.

Examinados os antecedentes que obran no expediente, tendo en conta asemade o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, aprobado polo RD 103/2003, e vistas as consideracións legais e técnicas anteriormente sinaladas, considérase que cunha correcta xestión das medidas de depuración propostas na documentación obrante neste expediente manteranse os obxectivos de calidade previstos no devandito plan; en consecuencia, o que subscribe informa favorablemente sobre o vertido de augas residuais urbanas ó Río Sar procedentes da EDAR de Bertamiráns, emprazada no lugar de A Lomba-San Xoán de Ortoño (t.m. Ames).

## Conclusión e Resolución

Por todo isto, visto o expediente, as disposicións legais citadas e demais de aplicación,

Este Organismo Autónomo **RESOLVE:**

A.-) Deixar sen efecto a Resolución emitida por este Organismo en data 23 de novembro de 2000 pola que se autorizaba o vertido de augas residuais urbanas procedentes da EDAR de BERTAMIRÁNS ó Río Sar.

B.-) Outorgar ó CONCELLO DE AMES nova autorización para o vertido de augas residuais urbanas ó Río Sar procedentes da EDAR de Bertamiráns, emprazada no lugar de A Lomba-San Xoán de Ortoño, baixo o seguinte condicionado:

**1ª. PROXECTO TÉCNICO:** As obras axustaranse ó proxecto redactado por Augas de Galicia con clave OH.315.335 e baixo o nome "E.D.A.R. DE BERTAMIRÁNS".

**2ª. CAUDAL DE VERTIDO:** O caudal máximo de vertido de augas residuais urbanas ó Río Sar será de 2.838.240 m<sup>3</sup>/ano.

**3ª. TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS:** As augas residuais xeradas en Bertamiráns (Concello de Ames) serán tratadas nunha depuradora biolóxica de fangos activados mediante o sistema de aireación prolongada con eliminación biolóxica de nitróxeno e química de fósforo mediante adición de cloruro férrico.

A planta está deseñada para 13.000 habitantes equivalentes e se compón dos seguintes elementos:

Liña de auga:

Desbaste de grosos mediante reixa mecánica, bombeo de auga bruta, desbaste de finos mediante tamiz, desareado-desengraxado nunha canle lonxitudinal aireada e tratamento secundario composto por unha canle de oxidación aireada mediante difusores de barbulla fina e un decantador secundario circular.

Liña de fangos:

Bombeo de fangos en exceso, espesamento por gravidade nun tanque circular con equipo varredor-concentrador e deshidratación mediante centrífuga horizontal, previo acondicionamento con polielectrolito.

**4ª. PUNTO DE VERTIDO:** As Coordenadas UTM do punto de vertido son as seguintes: (X,Y);(528.801;4.743.776)

**5ª. CALIDADE DO VERTIDO:** Os límites dos parámetros de vertido ou a porcentaxe mínima da súa redución será a que se detalla a continuación:

PARÁMETROS	LÍMITE	PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCCIÓN
DBO <sub>5</sub>	25 mg/l	70-90 %
DQO <sub>total</sub>	125 mg/l	75 %
Sólidos en suspensión	35 mg/l	90 %

Os criterios a aplicar para estas limitacións e para o seu control especifícanse no Anexo I da presente Resolución.

**6ª. CALIDADE DO MEDIO RECEPTOR:** Con independencia dos límites establecidos, deberanse cumprir os valores de calidade da auga establecidos no artigo 2.61 do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 103/2003, do 24 de xaneiro, nos horizontes temporais que nel se establecen.

Augas de Galicia resérvase a facultade de modificar os límites impostos ó vertido e a de esixir ó autorizado a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a súa adecuación ás esixencias do Plan Hidrolóxico da conca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que esto dea lugar a indemnización ó autorizado.





**7ª. CONTROL DO VERTIDO E DO MEDIO RECEPTOR:** Á saída da estación depuradora de augas residuais urbanas disporase dunha arqueta para o control do vertido, con acceso directo para a súa inspección por parte do persoal de Augas de Galicia.

Deberá existir un Libro de Rexistro á disposición da Administración, no que se anotarán:

- Resultados analíticos das tomas de mostras.
- Incidencias.

Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.

Augas de Galicia poderá inspecciona-las instalacións, sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

Así mesmo, designarase un responsable técnico con titulación axeitada para a explotación das instalacións de depuración; o que deberá ser comunicado a Augas de Galicia para a súa aprobación.

A frecuencia mínima coa que se controlarán (na arqueta existente á saída da depuradora de augas residuais) os parámetros característicos do vertido, será a que de seguido se detalla:

<u>PARÁMETRO (unidades)</u>	<u>PERIODICIDADE</u>
Sólidos en Suspensión DQO <sub>total</sub> DBO <sub>5</sub>	- 12 mostras (mensuais) durante o primeiro ano. - 4 mostras (trimestrais) nos seguintes anos sempre que poida demostrarse que a augas do primeiro ano cumpre as disposicións do RD 509/1996. - Se unha das catro mostras non resultara conforme, tomaranse 12 mostras (mensuais) ó ano seguinte.

Tódalas análises realizaranse seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes.

O Concello interesado, transcorrido un ano dende a data da autorización, deberá remitir a Augas de Galicia e á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, un estudo que inclúa análises físico-químicas e biolóxicas dos seguintes parámetros: pH, Sólidos en suspensión, DBO<sub>5</sub>, Amoníaco total, Fosfatos e Osíxeno disolto



(tomados cunha frecuencia mínima **ANUAL** nos seguintes puntos: 50 m. augas arriba e 50 m. augas abaixo do punto de vertido ó Dominio Público Hidráulico: Río Sar, así como unha avaliación dos efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática.

**8ª. INSPECCIÓN DO VERTIDO:** Augas de Galicia poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade do vertido para cotexar que se cumpren as condicións expostas nesta autorización. Ditas análises deberán ser efectuadas por un laboratorio recoñecido por Augas de Galicia seguindo a metodoloxía analítica establecida no Standard Methods ou nas correspondentes Normas UNE existentes; sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

**9ª. VERTIDOS ACCIDENTAIS:** No caso de que se produza unha contaminación superior á autorizada, o Concello deberá acreditar perante Augas de Galicia que adoptou as medidas axeitadas para emendar as causas que o motivaron, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incurrir.

**10ª. RESPONSABILIDADES DO SOLICITANTE:** A autorización non exime ó titular do vertido que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poida causar o vertido en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens.

**11ª. XESTIÓN DOS RESIDUOS:** Os residuos sólidos e semisólidos resultantes serán retirados periodicamente, procedendo ó seu baleirado por un xestor autorizado para dito residuo. Deberanse enviar a Augas de Galicia, cada SEIS (6) MESES, fotocopia dos partes de recollida por parte de dito xestor. Nestes partes indicárase a data, a cantidade de residuos, as súas características e o seu destino. Os devanditos residuos serán sometidos ó tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o seu depósito en zonas onde poidan contamina-las augas.

**12ª. VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN:** O prazo de vixencia da presente autorización fíxase en CINCO (5) ANOS contados a partir da data da mesma, entendéndose prorrogada se non existe resolución previa en contra, que deberá ser comunicada cunha antelación de TRES (3) MESES e sempre que se manteñan as características dos vertidos e as do medio receptor similares ás do momento da autorización.

**13ª. PREXUÍZO DE TERCEIROS:** A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, coa obriga de conservar ou restituír as servidumes legais existentes.





**14ª. LICENCIAS OU PERMISOS ADICIONAIS:** O outorgamento desta autorización non exime ó seu titular da obtención das licencias, permisos e autorizacións legalmente pertinentes e, en particular, os que se contemplan no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

**15ª. CADUCIDADE:** A autorización poderá ser caducada de acordo co establecido nos artigos 263 e seguintes do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor **RECURSO DE ALZADA** ante o Conselleiro de Medio Ambiente, no prazo **DUN (1) MES**, a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1.992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1.999.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2005

O xefe da área de vertidos  
  
Antonio N. López Grueiro

**Conforme**  
O subdirector xeral de Xestión  
do Dominio Público Hidráulico  
  
Jesus Manrique Merino

**Visto e prace**  
O director xeral de Augas de Galicia  
  
Emilio García Gallego

**Resolvo**  
O presidente de Augas de Galicia  
  
Justo de Benito Basanta

**ANEXO I : Requisitos para os vertidos procedentes de instalacións de tratamento de augas residuais urbanas. Aplicarase o valor de concentración ou a porcentaxe de redución.**

PARÁMETROS	CONCENTRACIÓN	PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCCIÓN (1)	MÉTODO DE MEDIDA DE REFERENCIA
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO <sub>5</sub> a 20 ° C) sen nitrificación (2)	25 mg/l O <sub>2</sub>	70-90.	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Determinación do osíxeno disolto antes e despois de cinco días de incubación a 20 ° C ± 1 ° C, en completa escuridade. Aplicación dun inhibidor da nitrificación.
Demanda química de osíxeno (DQO)	125 mg/l O <sub>2</sub>	75	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Dicromato potásico.
Total de sólidos en suspensión	35 mg/l (3).	90 (3).	Filtración dunha mostra representativa a través dunha membrana de filtración de 0,45 micras. Secado a 105 ° C e pesaxe. Centrifugación dunha mostra representativa (durante cinco minutos como mínimo, cunha aceleración media de 2.800 a 3.200 g), secado a 105 ° C e pesaxe.

(1) Reducción relacionada ca carga do caudal de entrada.

(2) Este parámetro pode substituírse por outro: carbono orgánico total (COT) ou demanda total de osíxeno (DTO), se pode establecerse unha correlación entre DBO 5 e o parámetro substituto.

(3) Este requisito é optativo.

As análises de vertidos procedentes de sistemas de depuración por lagunaxe, levaranse a cabo sobre mostras filtradas; nembargantes, a concentración de sólidos totais en suspensión nas mostras de augas sen filtrar non deberá superar os 150 mg/l.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
**AUGAS DE GALICIA**




A.R. 30-9-14  
Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 141. Fax 981 541 943  
augasdegalicia@xunta.es  
http://augasdegalicia.xunta.es

473/14


REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA (SERVIZOS CENTRAIS)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 26/09/2014 09:09:53

SAÍDA 11877 / RX 856178



**Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do  
CONCELLO DE AMES**  
Praza do Concello, 2, Bertamirás  
15220 - AMES



**CLAVE:** DH.V15.18984/12746

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS DEPURADAS AO RÍO SAR (CUNCA DO RÍO ULLA) PROCEDENTES DA EDAR DE BERTAMIRÁNS (T.M. AMES)

**PETICIONARIO:** CONCELLO DE AMES

**C.I.F.:** P-15.002.00-I

### Antecedentes

1. Con data 24/05/2005 Augas de Galicia emite a favor do CONCELLO DE AMES resolución de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas ao río Sar (cunca do río Ulla) procedentes da EDAR de Bertamirás (t.m. Ames).
2. Con data 22/10/2013 ten entrada na administración escrito do Concello de Ames no que solicitada a exención da obriga de presentar ante Augas de Galicia os partes de recollida de residuos xerados na EDAR de Bertamirás durante o proceso de depuración das augas residuais urbanas.
3. Con data 27/05/2014 emítese proposta de modificación da resolución de autorización de vertido, a cal é notificada ao Concello de Ames con data 06/06/2014, sen que se teña constancia da presentación de alegacións ao respecto por parte do interesado.

### Fundamentos de dereito

#### Primeiro

Compételle á Xunta de Galicia polo Estatuto de Autonomía para Galicia o outorgamento das autorizacións de vertidos de augas residuais producidas no dominio público hidráulico correspondente ás cuncas internas de Galicia, así como a inspección delas. Dentro da Xunta de Galicia, correspóndelle a competencia á entidade pública empresarial Augas de Galicia segundo o disposto no artigo 4 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.



### Segundo

Na tramitación do expediente tivéronse en conta as normas de procedemento e as normas materiais contidas no Regulamento do dominio público hidráulico, na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e demais normativa vixente de aplicación.

### Terceiro

O procedemento de modificación da autorización de vertido é o establecido nos artigos 261.1.a e 262.1 do Regulamento de dominio público hidráulico.

### Cuarto

Considerando que a entidade explotadora da súa instalación de depuración da Edar de Bertamiráns, é Espina & Delfín, S.L., a cal figura inscrita no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia; tal e como dispón a Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, e polo tanto debe cumprir co establecido no Real Decreto 1310/1990, de 29 de outubro, polo que se regula a utilización de lodos de depuración no sector agrario, na Orde AAA/1072/2013, do 7 de xuño, sobre utilización de lodos de depuración no sector agrario e, no seu caso, no Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que dita empresa debe xestionar ante a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un rexistro dos residuos dos lodos xerados nas súas EDARes; esta entidade procede á modificación da condición 11ª relativa á xestión dos residuos, da autorización de vertido outorgada de data 24/05/2005.

### **Conclusión e resolución**

Por todo o exposto, visto o expediente, as disposicións legais citadas e demais de aplicación,

Esta entidade **RESOLVE**:

1. Modificar na súa totalidade a condición 11ª da resolución de autorización de vertido emitida por Augas de Galicia con data 24/05/2005; que quedará redactada como segue:

**"11ª. XESTIÓN DOS RESIDUOS:** Os lodos, graxas, residuos sólidos e semisólidos xerados na estación depuradora serán retirados por un xestor de residuos autorizado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

*Os devanditos residuos serán sometidos ao tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o seu depósito en zonas onde poidan contaminar as augas.*



*Augas de Galicia poderá requirir ao titular da autorización, en calquera momento, copia dos partes de recollida de residuos emitidos polo xestor autorizado.*

*No caso de que os lodos procedentes da estación depuradora pretendan destinarse, previo tratamento, á aplicación en solos agrarios, deberase cumprir co disposto no Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.”*

2. Manter o contido dos demais condicionantes establecidos na devandita resolución emitida por Augas de Galicia con data 24/05/2005.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA ante o Presidente de Augas de Galicia, no prazo **DUN (1) MES**, a contar dende o día seguinte á súa notificación, consonte aos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2014

O xefe da Área de Vertidos

Manuel Morato Miguel

**Resolvo**

O director de Augas de Galicia

Gonzalo Mosqueira Martínez

**Conforme**

O subdirector xeral de  
 Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez

CLAVE: DH.V15.8132/LA

ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS Ó RÍO  
PARAMUIÑOS, NO CONCELLO DE AMES.

PETICIONARIO: SOCIEDADE "AMES POLÍGONO INDUSTRIAL" (APISA)

## I. ANTECEDENTES

1º.D.Juan Martínez Domínguez, en nome e representación da Sociedade AMES POLÍGONO INDUSTRIAL (APISA) presentou o día 30 de setembro de 1997, instancia e documentación solicitando autorización para o vertido de augas residuais procedentes do polígono industrial e área urbana de Milladoiro ó río Paramuños.

2º. Someteuse a petición ó trámite de información pública conforme ó disposto no artigo 247 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH) mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 109 de data 15 de maio de 1998, así como no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames durante un prazo de trinta días, contados dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín.

Por parte do Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico e, segundo disposto no artigo 248 do RDPH, solicitáronse informes á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, ó Servizo de Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente e ó Concello de Ames, ó que respectivamente os seguintes extremos:

3.1. Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais

Considérase aceptado o sistema de tratamento proposto, se ben, dado que pode haber aproveitamentos de augas superficiais e/ou subterráneas augas abaixo do punto de vertido que se poideran ver afectadas, deberían establecerse balsas de seguridade e sistemas de control analítico previos ó vertido.

3.2. Servizo de Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente

Infórmasc favorablemente a solicitude sempre e cando unha vez diluído o efluente no medio receptor, os parámetros de calidade da auga que se obteñan non sobreparen, en ningún momento do ciclo hidrolóxico anual do río Paramuños, os valores establecidos para a vida dos salmónidos no Anexo III do Real Decreto 927/88 polo que se aproba o Regulamento da Administración Pública da Auga e da Planificación Hidrolóxica e no Anexo V do Decreto 130/97 polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e ecosistemas acuáticos continentais.



### 3.3. Concello de Ames

Infórmase favorablemente a solicitude, indicando non obstante, que durante a tramitación do proxecto de urbanización do polígono industrial de Milladoiro, deberase efectuar conxuntamente a do proxecto dos colectores e depuradora que garantan o saneamento.

4º. Durante o trámite de información pública presentáronse alegacións por parte da Asociación de Veciños "A Curuxa", nas que basicamente facían consta-lo seguinte:

4.1. A delimitación da área urbana obxecto do presente expediente comprende ademais da área urbana de Milladoiro, outras 6 entidades máis de poboación, sen que se aporte certificación do órgano municipal competente acreditativa da extensión da área afectada.

4.2. Descoñécense as coordenadas exactas do punto de vertido.

4.3. Que por parte de APISA se asuma a responsabilidade de calquera clase de danos que se poideran producir polos desbordamentos e derrubamentos da canle, sempre que teñan como causa significativa o incremento do caudal representado pola saída da EDAR.

4.4. Nunha futura autorización de vertido debería establecerse como condición a existencia dunha rede de saneamento separativa, con tratamento das augas pluviais.

4.5. Non aparece definida con exactitude a ubicación da futura EDAR nin o punto exacto onde se vai a produci-lo vertido.

4.5.1. A parcela de ubicación da EDAR ademais de ser inidentificada, corresponderá con seguridade a titularidade privada e indispoñible polo tanto para o solicitante e para o Concello.

4.5.2. A falta de definición da ubicación da EDAR fai imposible concretar se se respetan ou non as zonas de servidume e de policía da canle, e, en todo caso, calquera traballo que se realizara na zona de policía debería obter-la preceptiva autorización administrativa.

4.5.3. Non son válidos os planos aportados polo interesado por falta de detalle do emplazamento.

4.6. Estímase que sería esixible certificación do órgano municipal competente acreditativa da área urbana afectada, con determinación dos núcleos beneficiarios.



4.7. Considérase que de acordo coa Orde de 23 de decembro de 1986 sería precisa autorización separada respecto dos vertidos industriais.

4.8. Reitéranse as alegacións referidas ós aspectos urbanísticos anteriormente sinalados e apúntase que segue sen existir informe dos servizos técnicos do Concello, pese ás responsabilidades que están en xogo.

4.9. Sería preceptiva a presentación dun estudo de impacto ambiental, onde se avaliaran os posibles riscos para o medio ambiente derivados do proxecto.

4.10.1. Non se presenta estudo hidroxeolóxico.

4.10.2. Non se explica a saída que se lle dará ós fangos resultantes.

4.11. Incúmplese o previsto no artigo 75 do Decreto 130/97 que ordena a pesca fluvial e os sistemas acuáticos continentais, ó non estar previstas medidas de regularización do caudal.

4.12. Non se acredita o cumprimento do disposto no artigo 3 do RD 509/96 no que se establece que o proxecto das instalacións para o tratamento das augas residuais urbanas deberá realizarse tendo presentes as condicións climáticas normais da zona, así como as condicións estacionais de carga.

4.13. No proxecto presentado non se prevé con suficiencia un sistema de aforo que permita medir os caudais.

4.14. Non consta que nos cálculos se tivera en conta a semana de máxima carga do ano.

4.15. Non se contemplan as garantías para o tratamento previo das augas residuais industriais.

4.16. Non se precisa o grao de industrialización base na área de solo urbano.

4.17. Non consta que APISA teña a condición de empresa de vertido prevista no artigo 267 do RDPH.

4.18. Non son válidos unha serie de planos obrantes no Proxecto inicial ó variado emprazamento definitivo da EDAR.

4.19. O Proxecto presentado non está visado por Colexio Profesional.

5º. Con data 21 de xaneiro de 1999, o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio N. López Grueiro, adscrito ó Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico, emite informe favorable ó outorgamento da autorización considerando que o sistema de depuración descrito no Proxecto é suficiente para garanti-lo grao de depuración esixido.

6º. Con data 22 de xaneiro de 1999, concedeuselle ós interesados o trámite de audiencia, poñendo de manifesto o expediente para o seu exame, e presentándose novas alegacións por parte da Asociación de Veciños "A Curuxa", que se resumen de seguido.

A. Condicionado mínimo da futura resolución de autorización de vertido.

6.1. Deberanse esixir dúas arquetas, unha antes do enlace con saídas de augas residuais e outra antes da entrada da EDAR.

6.2. As responsabilidades do autorizado polos danos que poida causa-lo vertido, derivaranse do simple feito do incremento cuantitativo do volume dos vertidos.

6.3. A sociedade autorizada deberá notificar fidedignamente ós futuros compradores os límites cualitativos dos vertidos que no su día se autoricen.

6.4. Deberanse engadir no condicionado da autorización as medidas de protección

6.5. Así mesmo incluírase no condicionado que o tratamento e vertido das augas pluviais será separativo.

6.6. Deberanse incluír no Proxecto as modificacións necesarias que permitan a dispoñibilidade e accesibilidade dun sistema de aforo para medi-los caudais.

6.7. Deberase revisa-lo límite máximo de amoníaco permitido, sen consentir maiores concentracións que as que figuran nas Ordenanzas do polígono industrial.

6.8. Deberase incorporar ó condicionado a obrigatoriedade de dispoñer unhas balsas de seguridade.

B. Deficiencias formais do expediente.

6.9. Modificación da delimitación da zona urbana obxecto do expediente.





AGUAS DE GALICIA

XACOBEO '99  
Galicia

6.10. Cambio de emplazamento da EDAR, polo que se requiriría unha nova información pública.

6.11. Posible afectación das augas soterradas, de acordo co sinalado no informe emitido pola Consellería de Sanidade, polo que sería necesaria a presentación dun estudo hidrocolóxico.

6.12. Indisponibilidade dos terreos polos que discorre o trazado dos colectores.

C. Deficiencias materiais do expediente:

6.13. Indisponibilidade dos terreos onde se vai a ubicar a EDAR.

6.14. Invalidez dos planos incorporados ó Proxecto, ó varia-lo emplazamento da EDAR.

6.15. Inexistencia dun Estudio de Impacto Ambiental.

6.16. Insuficiencia do informe do Servicio de Medio Ambiente Natural, no que se refire á posible afección do vertido sobre o medio ambiente.

6.17. Excesiva permisividade ós límites impostos ós distintos parámetros do vertido, particularmente os que se refiren ás substancias perigosas.

6.18. Necesidade dun estudo máis exhaustivo da posible afección do vertido das augas pluviais sobre a canle receptora.

6.19. Non se precisa no proxecto o grao de industrialización base, na área de solo urbano.

6.20. Falta de visado polo Colexio Profesional do Proxecto presentado polo peticionario.

7º. Con data 4 de marzal de 1999, o peticionario manifesta a súa conformidade coas condicións propostas polo Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico.

## II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1ª. No que atinxe á delimitación da zona urbana, indicar que Augas de Galicia non entra na legalidade urbanística do proxecto, que é de competencia exclusivamente municipal e, en calquera caso, na presente resolución faise a oportuna reserva en canto que a autorización de vertido outórgase sen prexuízo do resto de autorizacións e permisos que resultaran esixibles.

Non parece admisible unha alegación de indefensión en nome de terceiros non comparecidos plantexada pola Asociación alegante, posto que a información pública do expediente practicouse nos termos previstos no artigo 247.1 do RDPH e, por outra banda, consta no expediente que o Concello de Ames participou directamente na tramitación do mesmo.

2ª. En canto ás coordenadas exactas do punto de vertido, estas xa se explicitan claramente na cláusula 2ª do condicionado da presente resolución, en base á documentación complementaria presentada polo interesado.

3ª. Respecto dos danos que poideran producirse na canle receptora coma consecuencia dos vertidos, contéplase na cláusula 8ª da presente resolución, a asunción pola Sociedade autorizada da responsabilidade polos danos que poideran producirse, nos que lóxicamente se inclúen os que se poideran causar por un incremento cuantitativo do vertido, tanto das augas pluviais como residuais.

4ª. O polo que se refire á necesidade dunha rede separativa proposta polos alegantes contéplase así mesmo no condicionado da presente resolución a existencia da mesma, con indicación dos tratamentos ós que se someterán as distintas augas e as conexións dos puntos de incorporación á canle.

5ª. Respecto á necesidade dunha nova información pública como consecuencia do cambio de emplazamento da EDAR proposta pola Asociación alegante, indicar que este cambio tivo lugar, precisamente, a raíz da información pública do expediente, sendo ese o fundamento de dito trámite, é dicir, a posibilidade de establecer modificacións no proxecto derivadas das alegacións que se presenten.

6ª. A posible afección do proxecto ás zonas de servidume e policía da canle quedaría autorizada no momento de autorizarse o vertido, tomando como base o proxecto presentado e de acordo co estipulado no artigo 251 b) do RDPH.

7ª. En canto á invalidez dos planos incorporados ó proxecto, ó variar-lo emplazamento da EDAR, debe recordarse que na condición 2ª da presente resolución recóllese con exactitude as coordenadas UTM dos puntos de vertido referidos ós planos de planta aportados, de xeito que, contra o afirmado pola Asociación alegante, non houbo silencio por parte da Administración.

8ª. No que se refire á certificación do órgano municipal competente acreditativa da área urbana afectada, trataríase tal e como xa se indicou, dunha cuestión a resolver bilateralmente entre o Concello e APISA.

9ª. En canto á Orde dc 23 de decembro de 1986 non sería de aplicación neste suposto, dado que a súa vixencia rematou o 31 de xaneiro de 1987.

10ª. O estudio de impacto ambiental que se menciona reiteradamente nas alegacións, sería o propio proxecto de depuración presentado e as medidas correctoras scrán as condicións que impoña Augas de Galicia na presente resolución. E por iso que non parece admisible facer derivar que o Proxecto obxecto do expediente "non é susceptible de contaminar", según pretende considera-la Asociación alegante respecto dos servicios técnicos de Augas de Galicia. Antes ó contrario, posto que efectivamente se trata dun vertido susceptible de contaminar, sométese a previa autorización (artigo 92 da Lei de Augas), e dita autorización impón, unha serie de condicionantes técnicos respecto ó tratamnto ó que se deberá somete-lo mesmo ós efectos de reducir esa contaminación a límites tolerables polo medio receptor.

11ª. Polo que se refire á necesidade dun estudio hidroxeolóxico posta de manifesto polos alegantes, indicar que este somentes sería esixible cando se afecten as augas subterráneas. O informe de Sanidade refírese a que "pode" haber augas subterráneas que se "poideran" ver afectadas polo vertido obxecto do expediente. De ningún xeito, se refire, contra o afirmado pola recorrente, a unha "máis que factible afectación ás augas subterráneas" que, por outra banda, nin se indica cales poideran ser nin o seu título administrativo concesional que as ampare ante unha eventual afección.

12ª. Respecto do tratamento dos fangos, no condicionado da presente resolución contéplase que a xestión dos mesmos farase de xeito que non afecte ó dominio público hidráulico.

13ª. O Decreto de Galicia 130/97 no seu artigo 75 non se refiere a instalacións de depuración de augas residuais, senón a instalacións de aproveitamento de auga e, en particular, presas. Por outra banda, non parece que sexan de aplicación a este procedemento as normas do Real Decreto 509/96, xa que non se trata dunha autorización instada por unha Administración pública; en calquera caso, Augas de Galicia esixirá a APISA o mantemento do vertido nas condicións que se impoñan, con independencia dos vertidos á rede "interna" de APISA que será esta quen os deba controlar.

14ª. Polo que atinxe ás medidas de control do vertido, indicar que no condicionado da presente autorización contéplase a instalación dunha arqueta no colector para control do efluente do vertido e na cal incluíranse os elementos necesarios para levar a cabo dito control.





AUGAS DE GALICIA



15ª. Respecto ó sinalado pola Asociación alegante de que non consta que APISA teña a condición de empresa de vertido, indicar que a regulación das empresas de vertido non se refire ó suposto plantexado neste expediente e, se é o caso, no RDPH contémpase como unha posibilidade, non como unha obriga; así mesmo, o mencionado Regulamento esixe unicamente que o Proxecto veña suscrito por técnico competente, pero non esixe o seu visado.

16ª. En canto a que a Sociedade autorizada deberá notificar fidedignamente ós futuros compradores os límites cualitativos dos vertidos que se autoricen, poñer de manifesto que Augas de Galicia esixirá á Sociedade autorizada o cumprimento dos límites impostos na presente autorización, sendo competencia de APISA o control dos vertidos a rede "interna" do Polígono.

17ª. No que se refire á indisponibilidade dos terreos polos que discorre a traza dos colectores e de ubicación da EDAR, indicar que as cuestións urbanísticas recaen na estrita competencia municipal, na que Augas de Galicia non entra. En todo caso, e como ben recorda a Asociación alegante, no suposto de que as instalacións ocuparan terreos propiedade de terceiros, o promotor podería ter solicitada a oportuna declaración de utilidade pública, ó amparo do artigo 246.3 do RDPH. Si non o fixo ata agora e tivera a necesidade, sómente o promotor perxudicaríaa súa carencia.



De ródolos xeitos, nas condicións 15,16 e 17 desta resolución, contémpase as oportunas salvedades ó respecto, quedando na exclusiva responsabilidade do promotor

18ª. Polo que se refire a insuficiencia do informe do Servizo de Medio Ambiente Natureza apuntada pola Asociación alegante, sinalar que non parece oportuno que Augas de Galicia entre no contido do informe, pois debe presumirse a competencia e pericia de dito Servizo sobre a materia, pero, en calquera caso, polo que atinxe á fauna piscícola, nada pode ser máis estrito que a esixencia do mantemento da calidade das augas do medio receptor de xeito que sexan adecuadas para a vida dos salmónidos.

19ª. Finalmente no que atañe ós parámetros de calidade propostos, manifestar que a Asociación alegante parece sufrir unha confusión respecto dos límites das táboas do Anexo ó Título IV do RDPH e os establecidos nos anexos do Regulamento da Administración Pública da Auga e da Planificación Hidrolóxica. O establecemento de límites de calidade na autorización de vertido obxecto deste expediente de acordo con aquelas táboas, ten como razón de ser precisamente o mantemento duns límites de calidade do medio receptor dese vertido. Nin os primeiros constitúen obxectivos de calidade, nin os segundos constitúen límites de vertido.



Apuntar igualmente que o que prescribe a Nota Xeral ás táboas do referido Anexo ó Título IV do RDPH é que, no suposto no que o caudal de vertido sexa superior ó 10 por cento do caudal mínimo circulante os límites da Táboa 1 poderán reducirse, feito levado a cabo por Augas de Galicia ó impoñer xenericamente os límites da Táboa 3, e incluso, para os parámetros máis significativos, límites aínda máis esixentes. Recordar que, contra o pretendido pola Asociación alegante, a norma xeral (artigo 251 a) RDPH) é a non autorización por encima dos límites da Táboa 1.

Respecto dos límites contemplados na Ordenanza do Polígono, aclarar á Asociación alegante que dado que se trata de límites de vertido á rede de saneamento, serán necesariamente máis amplios que os límites de vertido a canle pública, por canto que aqueles están sometidos a tratamento e depuración posterior.

Polo que se refire ás sustancias regulamentadas como especificamente perigosas, sinalar que o establecemento de límites das referidas sustancias por remisión ás Ordes específicas que as regulan non supón ningunha contravención ó procedemento, xa que, aínda, cando nin siquiera estas se mencionaran, a súa aplicación viría dada *ope legis*. Por outra banda, tampouco se trata de valores máximos, como pretende a Asociación alegante, senón que estes, de acordo co disposto no artigo 2 da Orde de 12 de novembro de 1987, incluso poderían superarse en determinadas circunstancias.

De tódolos xeitos, hai que recorda-las cláusulas de salvagarda incluídas nas condicións 8ª e 10ª da presente resolución.



**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**1.º - Orde Xurídico - Formal**

Compételle á Xunta de Galicia polo Estatuto de Autonomía para Galicia e polo RD 2792/86, de 30 de nadal, o outorgamento das autorizacións para o vertido en cauces públicos. Dentro da Xunta de Galicia, segundo Decreto 108/96, do 29 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Organismo Autónomo AUGAS DE GALICIA, que desenvolve a Lei 8/93, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia, e segunda Orde de 14 de xuño de 1996, pola que se fixa a entrada en funcionamento do Organismo Autónomo AUGAS DE GALICIA, compételle a dito Organismo.

Na tramitación do expediente tiveronse en conta as normas de procedemento contidas na Lei 29/85, de 2 de agosto, de Augas, o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado por RD 849/86, de 11 de abril, o Regulamento da Administración Pública da Auga e da Planificación Hidrolóxica aprobado por RD 927/88, de 29 de xullo e modificado polo RD 1541/94, de 8 de xullo, a Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normativa vixente de aplicación.





AUGAS DE GALICIA

XACOBEO'99  
Galicia**B) De Orde Xurídico - Material**

A solicitude obxecto deste expediente comprende unha actividade de vertido á que se refire o artigo 245 do antedito Regulamento do Dominio Público Hidráulico e é susceptible de autorización nos termos que nel se indican, así como na Directiva 76/464/CEE relativa á contaminación causada por determinadas sustancias perigosas vertidas ó medio acuático da Comunidade.

**IV. CONCLUSIÓN E PROPOSTA**

Por todo isto, visto o expediente, as disposicións legais citadas e demais de aplicación, c

**CONSIDERANDO**, que o informe emitido polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos adscrito ó Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico é favorable ó outorgamento da autorización.

Este Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico **PROPÓN**:

Que se outorgue á Sociedade "AMES POLÍGONO INDUSTRIAL" a autorización para o vertido dun caudal medio de 64 m<sup>3</sup>/hora de augas residuais no canle do río Paramuños, no Concello de Ames ( A Coruña ) baixo as seguintes condicións:

As obras axustaránse ó proxecto "EDAR Polígono Industrial Milladoiro" subscrito polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Crescenciano Esteban del Valle.

2.ª A auga residual resultante do proceso de depuración conducírase ó río Paramuños nos puntos sinalados nos planos de planta aportados ó efecto, sendo as coordenadas U.T.M. dos mesmos as que de seguido se detallan:

Vertido de augas residuais.

X= 532900  
Y= 4744600

Vertidos de augas pluviais

A (X= 534130; Y= 4744410)  
B (X=533940; Y= 4745040)  
C (X=533870; Y= 4744640)



AUGAS DE GALICIA



3.ª A depuradora a construír será en dúas fases, unha primeira para dar cumprimento á situación actual e unha segunda para cubri-lo incremento de poboación previsto, sendo os caudais medio e punta a tratar para cada unha delas, de 64 m<sup>3</sup>/hora e 133 m<sup>3</sup>/hora, respectivamente.

4.ª Os límites cualitativos do vertido serán os que de seguido se detallan.

DBO<sub>5</sub>  
DQO  
PH

DBO <sub>5</sub>	< 15
DQO	< 40
PH	6 << 9
Materias en suspensión	< 15 mg/l
Cloruros	< 400 mg/l
Nitróxeno total	< 10 mg/l
Fósforo total	< 1 mg/l

Mat. Suspensión  
- Cloruros  
- Nitróxeno total  
- Fósforo total



Para o resto dos parámetros os límites fixados serán os correspondentes á Táboa 3 do Anexo 6 do Título IV do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, así como os que figuran nas ordes Ministeriais de datas 12-11-87, 13-3-89 e 28-6-91 sobre substancias perigosas.

AUGAS DE GALICIA resérvase a facultade de modifica-los límites impostos ó vertido e a esixir ó autorizado a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a súa adecuación ás esixencias do Plan Hidrolóxico da Conca ou outras disposicións legais ou regulamentarias sen que iso dea lugar a indemnización ó autorizado.

5.ª As instalacións de depuración son as contempladas no Proxecto e compóñense de dúas fases en función do caudal de augas a tratar, constando cada unha delas dun pretratamento mediante cilindros de aceiro con tamiz semicircular, seguido dunha homoxeneización e tratamento químico mediante adición de policloruro de aluminio e polielectrolito e finalmente un tratamento biolóxico de tipo leito bacteriano e, en calquera caso, deberán ser suficientes para dar cumprimento ás condicións contidas no apartado anterior.

As augas pluviais, pola súa banda sométense a un pretratamento facéndoas pasar por unhas reixas de desbaste e areneiro.



AUGAS DE GALICIA



Os fangos resultantes sométense a un proceso de espesamento e deshidratación en filtro banda, previa adición dun polímero.

6ª. Dispoñerase unha arqueta no colector para control do efluente do vertido, con acceso directo para inspección do mesmo por parte de AUGAS DE GALICIA e na cal incluíranse os elementos necesarios para control do efluente.

AUGAS DE GALICIA poderá inspeccionar as obras e instalacións tanto durante a construción como durante a explotación, sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen.

Do mesmo xeito, pola Sociedade autorizada designarase un responsable técnico, con titulación adecuada, tanto das obras como da explotación das instalacións de depuración.

Deberá existir igualmente un Libro de Rexistro a disposición da Administración, no que se anotarán:



a) Resultados analíticos das tomas de mostras, relativos a caudais e concentracións.

Incidencias.

7ª. AUGAS DE GALICIA poderá efectuar, cando o estime oportuno, análise de comprobación da calidade do efluente para cotexar que se cumpren as condicións expostas no apartado cuarto. Ditas análises deberán ser efectuadas por un laboratorio catalogado como Empresa colaboradora cos Organismos de Conca ( ECA ), ou por un laboratorio recoñecido por AUGAS DE GALICIA, sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen; neste caso, o autorizado ou a ECA enviarán os resultados das análises e a data e hora da toma de mostras a AUGAS DE GALICIA cunha periodicidade mensual.

8ª. Se a práctica demostrase que o tratamento de depuración é insuficiente pola calidade do vertido ou do medio receptor, en relación cos límites fixados no apartado cuarto, o causante do vertido deberá, previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar-lo vertido ás características autorizadas.

A Sociedade autorizada responsabilízase dos danos que poideran producirse na canle receptora e que foran causados polo incremento de caudal no medio como consecuencia do efluente do vertido, comprometéndose a adoptar, previa obtención das oportunas licencias as medidas precisas para a protección da canle.

9ª. O autorizado estará suxeito, se procede, ó pago dun canon de saneamento, segundo o disposto na Lei 8/93, de 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia e no Decreto 27/96, de 25 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento para desenvolvemento lexislativo do Capítulo IV da Lei.

10ª. No caso de que se produza unha contaminación superior á autorizada, suspenderase de inmediato o vertido ata que se subsanen as causas que o motivaron. Elaborarase un Plan de Vixilancia e Seguridade Ambiental que deberá ser comunicado inmediatamente e por escrito a AUGAS DE GALICIA, Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e ó Concello de Ames, a fin de que se tomen as medidas oportunas.

11ª. A autorización non exime ó titular do vertido que se autoriza da posible responsabilidade polos danos que poida causa-lo vertido en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens, quedando obrigado á súa indemnización.

12ª. Os lodos, residuos sólidos e semisólidos resultantes deberán ser retirados por unha empresa especializada, enviándose a AUGAS DE GALICIA fotocopia dos partes de recollida por parte de dita empresa cada SEIS ( 6 ) MESES.

En ditas partes indícarase a data, a cantidade de residuos, as súas características e o destino dos mesmos.

Estes lodos serán sometidos ó tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o vertido en zonas onde poida contamina-las augas. O seu traslado a vertedoiro é obrigatorio para o titular da autorización que deberá obter dos Organismos competentes a correspondente autorización.

13ª. O prazo de vixencia da presente autorización fíxase en CATRO ( 4 ) ANOS, contados a partir da data da mesma, enténdéndose prorrogada se non existe resolución previa en contra, que deberá ser comunicada cunha antelación de TRES ( 3 ) MESES e sempre que se manteñan as características do vertido e as do medio receptor similares ás do momento da autorización.

14ª. As obras deberán estar rematadas no prazo de SEIS ( 6 ) MESES contados a partir da recepción da presente autorización, debendo comunicar por escrito a AUGAS DE GALICIA, a data de finalización das mesmas a efectos de inspección e recoñecemento final, do que se levantará a correspondente acta do cumprimento ou non do condicionado da autorización.

15ª. A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, coa obriga de conservar ou resitú-las servidumes legais existentes.

16ª. A autorización non exime ó titular do vertido que se autoriza da obtención das preceptivas licencias e demais obrigas que se contemplan no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.



AUGAS DE GALICIA



17ª. O outorgamento desta autorización non exime ó seu titular da obtención das autorizacións e permisos legalmente pertinentes.

18ª. A Sociedade autorizada deberá notificar fidedignamente ós futuros compradores das parcelas sobre os requirimentos legais contidos nas Ordenanzas Reguladoras do Plan Parcial do Polígono Industrial de Milladoiro nos documentos de compraventa que se emitan por si mesma ou polos seus sucesores legais.

19ª. A autorización poderá ser caducada de acordo co establecido nos artigos 260 e ss do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Santiago 9 de marzo de 1999

POLO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

Asdo. Antonio López Gruero

Conforme POLO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

Asdo. Asunción Suárez Blanco

De acordo coa proposta RESOLVO: O PRESIDENTE DAS AUGAS DE GALICIA

Asdo.: Agustín Hernández Fernández de Rojas